

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Introdución á investigación escénica
DISCIPLINA	Introdución á investigación escénica II
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Dirección escénica e dramaturxia
ITINERARIO	Dirección escénica e dramaturxia
CURSO	4º
CRÉDITOS ECTS	2
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Teoría e historia das artes escénicas
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Manuel Francisco Vieites García
DOCENTES	Nome e apelidos: Laura Míguez Escudero Horario titorías: na páxina web da escola Despacho: Contacto:
DESCRIPCIÓN	Deseño de proxectos en investigación escénica e no campo da dirección escénica e da dramaturxia. Políticas de garantía de calidade. Estudo de casos e boas prácticas.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Ter cursado Introdución á investigación escénica I.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input type="checkbox"/> Inglés <input checked="" type="checkbox"/>
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X4	Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
ED6	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	
1. Coñecer, estudar e valorar diferentes ámbitos de investigación propios das artes escénicas. A investigación sobre e nas artes escénicas.	COMPETENCIAS VINCULADAS
2. Coñecer, estudar e desenvolver ámbitos específicos de investigación en diferentes campos especialmente relevantes para o sistema teatral	T1, T13, T14, X4, X6, X8, ED6

galego.			
3.	Vivir o rol de investigador e desenvolver un proxecto persoal e colectivo.	T1, T13, T14, X4, X6, X8, ED6	
4.	Deseñar un proxecto de investigación aplicada en relación cos procesos de formación en curso e co traballo de fin de grao.	T1, T13, T14, X4, X6, X8, ED6	
5.	Asumir unha actitude ética en relación cos suxeitos, finalidades e técnicas da investigación así como coa comunidade científica e artística que lle é propia ao campo das artes escénicas.	T1, T13, T14, X4, X6, X8, ED6	
4. CONTIDOS			
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS	
1.	As artes escénicas como fonte de problemas de investigación. Campos, liñas e ámbitos de estudo e investigación.	5	
2.	O sistema teatral galego como campo de investigación: a investigación aplicada.	6	
3.	O proxecto de investigación nas súas fases e nos seus procesos: deseño de proxectos de investigación en artes escénicas. O proceso investigador: o informe de investigación. Modelos de proxectos de investigación en artes escénicas.	7	
4.	O Traballo Fin de Estudos como proxecto de investigación e como inicio do labor investigador. Aspectos básicos dunha Memoria de Traballo de Fin de Estudos.	7	
5.	O campo de investigación escénica, a comunidade investigadora e os espazos de divulgación do coñecemento.	5	
TOTAL SESIÓNS		30	
5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	2	2	4
Exposición práctico-teórica	10	4	14
Práctica individual	6	2	8
Práctica colectiva	6	2	8
Estudo de casos	6	2	8
Titorías individuais		2	2
Actividades de avaliación. Traballos		16	16
TOTAL	30	30	60
PORCENTAXE	50 %	50 %	
6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE			
Actividades	Descrición		
Actividades introdutorias	Presentar a materia, recoller información sobre o alumnado e presentar os bloques temáticos fundamentais da materia.		
Traballos/ Prácticas	Adquisición de recursos, técnicas e métodos a través do traballo individual e colectivo.		
Estudo de casos	Análise de técnicas, recursos, métodos, experiencias e materiais.		
Traballos tutelados	Realización de exercicios prácticos baixo a supervisión do profesorado.		
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA			
Titoría presencial	O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.		
Titoría electrónica	O alumnado pode manter contacto permanente co profesorado a través do correo electrónico.		
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN			

8. 1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Asistencia e participación en clase.	T1, T13, T14, X4, X6, X8, ED6	30%
Elaboración do proxecto deseñado en Investigación I.	T1, T13, T14, X4, X6, X8, ED6	70%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
A avaliación extraordinaria consistirá no desenvolvemento daquelas competencias que non se teñan acadado a partir da repetición dos traballos non superados baixo a supervisión do profesorado.		
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Proba escrita en torno aos núcleos temáticos fundamentais da materia.	T1, T13, T14, X4, X6, X8, ED6	60%
Elaboración do proxecto deseñado en Investigación I.	T1, T13, T14, X4, X6, X8, ED6	40%
9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS		
<p>Eco, Umberto (1990): <i>Cómo se hace una tesis</i>, Barcelona, Gedisa.</p> <p>Mancuso, H. R. (1999): <i>Metodologías de la investigación en ciencias sociales</i>, Barcelona, Paidós.</p> <p>Slafer, G. A. (2009): "¿Cómo escribir un artículo científico?". En <i>Revista de investigación en educación</i>, número 6, pp. 124-132. http://reined.webs.uvigo.es/ojs/index.php/reined/article/view/59</p>		
10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS		
Os traballos por escrito deberán presentarse segundo os criterios establecidos polo centro en relación ao modelo, desenvolvemento e adecuación estilística y ortográfica (IP701.16 no apartado 7 do Manual de Calidade). Os traballos que non reúnan tales requisitos serán devoltos para a súa revisión.		